


EN DEFENSA DA VIDA

No pasado mes de marzo os nosos medios de comunicación víronse invadidos por unha tremenda noticia: Terry Schiavo, unha norteamericana que levaba cerca de 15 anos en coma irreversible, morría tras deixar de ser alimentada artificialmente a petición do seu home. A súa morte foi o resultado dunha batalla legal do marido cos tribunais. A orde xudicial que permitiu a súa morte foi recorrida polos pais da muller, que se opuxeron rotundamente a este asasinato para uns, eutanasia para outros.

O caso é que se armou moito barullo e os medios de comuni-

cación encargáronse de informarnos con todo luxo de detalles dos pormenores do suceso: o hospital rodeado de defensores da vida que xa a proclamaban mártir, xente de todo o mundo pedindo que a deixasen vivir, que a deixasen morrer, que a deixasen en paz... até o propio Bush reuniu o congreso para que firmara leis redactadas a toda presa no seu rancho de Texas.

Sen ánimo de querer analizar a situación: que se o home ía polos cartos, que se andaba con outra, que se os pais tamén ían polos cartos... nin de querer moni-



"A well regulated Militia being necessary to the security of a free state, the right of the people to keep and bear arms shall not be infringed." Second Amendment to the US Constitution Dec. 15, 1791

- Home
- About Us
- Interaction
- Mission
- Safety Tips
- Get Involved
- How to Join
- Resources



The Murder of Terri Schiavo

By Doug Patton



Imagine that you are physically incapacitated, unable to speak, to write a message or in any other way to communicate your thoughts, feelings or wishes. Imagine that you are incapable of feeding yourself, and must rely on tubes pumping nourishment and hydration into your body.

Picture what it would be like to be utterly dependent upon the kindness and mercy of others. Occasionally, the face of someone you loved – your mother, perhaps – comes into view. You attempt to smile, but you don't really know if it is registering with anyone.

A pretty shape – is that a balloon? – passes before your line of vision. You follow it with your eyes, your head turning as it goes by,

Then one day, someone tells you that you will be allowed to die unless you can communicate that you want to live. You lunge forward from your partial sitting position to let the world know that you are alive in here! You want to live!

But in the end, it doesn't matter. Suddenly, the people you love are no longer around. You are alone. You are uncomfortable. Is that thirst you feel? Hunger? Then, as morphine drips into your tubes to replace the life sustaining moisture and nourishment, you drift off into a euphoric state of semi-death, waiting for the end to come.



tar un debate sobre a eutanasia -non chegaría todo o Intres- o caso déixanos a algúns e algunhas con certo desacougo.

En primeiro lugar, gustaríanos ver o mesmo despregue de medios cando morre xente -e non unha persoa, senón milleiros- que non está en coma irreversible e que gozaba de moi boa saúde antes de que lles caese un mísil na cabeza, por erros colaterais; ou un machete, en mans dun "exército" descontrolado.

En segundo lugar, supoñemos que toda esa xente que clama pola vida é a que tamén está en contra da pena de morte, e vai protestar aos penais cando hai execucións (por certo, a estes non nolos poñen tanto pola tele).

En terceiro lugar, intentamos documentarnos para tratar de entender cousas coma estas e atopámonos con web como esta (www.armedfemalesofamerica.com), que falan por si soas.